

María Xosé Queizán, Antonio Fernández Maira e María Teresa Horta serán galardoados na Gala do Libro Galego o día 11

O vicepresidente da Asociación Galega de Editoras reclamou un plan estratéxico para o fomento da lectura



ÁLVARO BALLESTEROS

M. G.

SANTIAGO / LA VOZ 08/05/2019 05:00 H

A Asociación Galega de Editoras, a Federación de Librerías de Galicia e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega **entregarán este sábado na cuarta edición da Gala do Libro Galego os seus premios honoríficos a María Xosé Queizán, Antonio Fernández Maira e María Teresa Horta**, respectivamente. O evento desenvolverase no Teatro Principal de Santiago a partir das 19.30 horas e estará presentado por Iria Pinheiro coa parte musical a cargo de Habelas Hainas.

Queizán recibirá o **premio honorífico á editora** por traballos como a revista *Festa da Palabra silenciada*. Pola súa banda, a Federación de Librarías distingue a **Antonio Fernández Maira pola súa labor decisiva na propia entidade durante anos**. A entrega de premios honoríficos complétase co galardón á escritora portuguesa María Teresa Horta. A AELG valora non só a súa «altísima calidade literaria», senón tamén a súa «**incontestable defensa feminista dos dereitos civís, sociais e culturais**». Horta non acudirá a Santiago por problemas de saúde.

Na Gala do Libro **entregaranse galardóns en quince categorías para recoñecer o traballo no ámbito editorial, así como distincións a traxectorias no ámbito cultural**. «Os premiados son só a punta do iceberg. A produción literaria está en plena eclosión», asegurou Cesáreo Sánchez, poñendo como contrapunto a precarización do traballo. Pola súa banda, o vicepresidente da Asociación Galega de Editoras, Henrique Alvarellos, reclamou un plan estratéxico para o fomento da lectura. Os representantes dos tres colectivos organizadores estiveron acompañados polo alcalde de Santiago, Martiño Noriega; a vicepresidenta da Deputación da Coruña, Goretti Sanmartín, e o director xeral de Políticas Culturais da Xunta, Anxo Lorenzo.